

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MOECHE

*Modificación das bases reguladoras da bolsa de traballo para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos de persoal para o servizo de axuda no fogar no concello de Moeche*

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 22 de marzo de 2017 prestou a aprobación a modificación das bases reguladoras da bolsa de traballo que servirá de base para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos de persoal para o servizo de axuda no fogar no concello de Moeche, para os casos de substitucións do persoal que está a prestar o servizo por vacacións, permisos, ILT, ou vacantes en devandito servizo, aprobadas o día 29 de xuño de 2016:

**Modifícase a base 12 que queda redactada da seguinte forma**

**DUODÉCIMA: PRORROGA DA BOLSA DE EMPREGO** Cada ano abrirase un prazo que contará dende o 1 ao 28 de febreiro durante este prazo as persoas que xa figuran inscritas na Bolsa poderán presentar novos meritos, asimismo aqueles interesados que non figuren na mesma poderán presentar a solicitudes de inclusión na Omesma de acordo co establecido na cláusula sesta das presentes bases. En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o primeiro día da apertura do periodo de actualización.

Rematado este prazo a Comisión de valoración actuará do seguinte xeito:

- No caso das actualizacións, analizará a nova documentación modificando as puntuacións obtidas polas persoas interesadas nos listados correspondentes.
- No caso de novas inscricións a Comisión de valoración procederá tal e como se indica nas cláusulas 9 e 10 das presentes bases

Unha vez concluída a fase de valoración das persoas aspirantes, a Comisión seleccionadora confeccionará unha nova lista pola orde resultante da puntuación obtida no proceso de valoración sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista elevarase a Alcaldía para a súa aprobación, no seu caso, e exporase no taboleiro de edictos do concello e na paxina web municipal

En calquera momento, os integrantes das listas poderán solicitar, por escrito, que se lles dea de Obaixa nas listas en que figuren.

Inclúese un anexo II co seguinte texto

#### ANEXO II

**COMUNICACION DE NOVOS MERITOS A EFECTOS DA VALORACIÓN DOS MESMOS PARA TOMAR PARTE NA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

D./D<sup>a</sup> ..... maior de idade, con DNI .....  
e con domicilio a efectos de notificacións na rúa ou lugar de ....., concello .....  
e número de teléfono ....., enderezo de correo electrónico .....

EXPÓN Que estando incluída na Bolsa de Emprego na categoría de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR do Concello de Moeche

PRESENTO a seguinte documentación acreditativa de meritos que non figuren no meu curriculum obrante nese Concello

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....

SOLICITA:Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ó efecto, ser admitido para proceder a valoración dos novos méritos alegados para a formación dá Bolsa de emprego de referencia. Á presente solicitude acompáñase: fotocopia do DNI., pasaporte ou documento equivalente,.

Moeche, 31 de marzo de 2017

A Alcaldesa

Asdo. Beatriz Bascoy Maceiras

---

2017/2743